

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal
Colección: Colección: Valentín Paz-Andrade e Guilherme de Almeida
Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Guilherme de Almeida do 07/01/1968

Colección:

Data: 07/01/1968

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Guilherme de Almeida;

Destino:

São Paulo (local), São Paulo (estatal), Brasil (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada:]

Localización física:Arquivo familiar Paz Andrade

Temáticas:

Colección: Valentín Paz-Andrade e Guilherme de Almeida ; *La anunciación de Valle-Inclán*; *Sementeira do vento*; *Un embaixador da lingua portuguesa en Galicia: Valentín Paz-Andrade*; Artes; Edición; Literatura; Viaxe;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Guilherme de Almeida do 07/01/1968

7/1/1968

Sr.D. Guilherme de Almeida
Príncipe dos Poetas
Rua Macapá, 187
São Paulo, ZP 5

Querido Guilherme:

Non hai culpa de ninguén. A todos nós cousas semellantes están a pasar as veces. Ademáis, o libro non retrasou a saída pol-a traizão d-outro libro. Onde mellor podía esta acochada a carta na ausencia do destinatario? Eu atribuía a traizão ao correo...

Do 4 ao 20 de decembre tamén eu estiven ausente. Tiven necesidade de facer unha viaxe aos portos da Patagonia, cruzando dúas veces o ar do Brasil sin escala en São Paulo, o que moito sentín. Agora xa teño o material completo e logo pode ser entregue o orixinal a imprenta.

Eu pensara facer o mesmo que indica na carta. Agora, co-a assinatura recibida moito mellor. Enviolle copia do prefacio por unha dúbida que a lectura me suxire. No segundo parágrafo di: «dêsse Vigo onde teve a sua córte Dom Denis». Eiquí non conocemos este feito. Temo que os eruditos non concorden. Deixo ao seu xuízo manter ou trocar a forma de tan bela cita.

En canto ao tratamento acho desnecessario facer a mudanza proposta, xa que «você» ten na terra de orixe da carta o tono que convén aos sentimentos que expresa, aínda que antre nos, eiquí, pudera ser algo distinto.

Supoño que andaré por algunhas libreirías paulistas un libro meu –La anunciación de Valle-Inclán– publicado recentemente en Buenos Aires pol-a Editorial Losada. Non dispoño aínda de exemplares pra lle mandar, si ben agardo que se reciban eiquí en poucos días máis.

Píddolle perdón por tanta maçada que lle veño causando e c-os [ilexible]

[V. Paz Andrade]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.